



## **Propostas de modificación das NOF:**

### **Modificación apartado 13.1 (páx 81) e inclusión dos apartados 14.6 e 14.7**

**O apartado 13.1 (páx 81) aparece redactado:**

#### **13.1 RATIO DE PROFESORADO NAS SAÍDAS EDUCATIVAS** (Decreto 324/96 de 26 de xullo, DOG do 9 de setembro)

A ratio profesor/alumno será de 1 profesor por cada 20 alumnos en saídas nacionais, e de 1 por cada 10 alumnos en saídas ao estranxeiro. En calquera caso, e como medida de seguridade, nunca irá un/nha profesor/a só en calquera actividade que se realice fóra do Centro agás no caso no que o/a profesor/a que organice unha actividade de un só día decida asumir a responsabilidade de levala a cabo acudindo el/ela soa co grupo de alumnos/as.

Poderá ser tamén acompañante calquera pai/nai ou titor/a legal dos alumnos do Centro para os que vai dirixida unha actividade se o consideran necesario os profesores responsables da devandita actividade.

**Nova redacción:**

#### **13.1 RATIO DE PROFESORADO NAS SAÍDAS EDUCATIVAS** (Decreto 324/96 de 26 de xullo, DOG do 9 de setembro)

A ratio mínima entre profesorado e alumnado será de 1/20 para toda actividade realizada fóra do Centro. En función da complexidade da mesma esta proporción poderase modificar.

Nas saídas de máis dun día asistirán como mínimo dous profesores/as, no caso de participar na actividade alumnado con necesidades especiais aumentarase o número de profesorado acompañante. En calquera caso, e como medida de seguridade, nunca irá un/nha profesor/a só en calquera actividade que se realice fóra do Centro agás no caso no que o/a profesor/a que organice unha actividade de un só día decida asumir a responsabilidade de levala a cabo acudindo el/ela soa co grupo de alumnos/as.

Poderá ser tamén acompañante calquera pai/nai ou titor/a legal dos alumnos do Centro para os que vai dirixida unha actividade se o consideran necesario os profesores responsables da devandita actividade.

**Incluír os apartados 14.6 e 14.7:**

## **14.6 NORMAS DE CONVIVENCIA NA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES**

- As normas nas actividades extraescolares/complementarias serán as mesmas que as que se aplican no centro. É dicir, nas actividades extraescolares segue rexendo o NOF, e o seu cumprimento é tan importante como no propio centro.
- O profesorado acompañante poderá establecer normas específicas durante a actividade ou saída, co obxecto de facilitar a organización da mesma, garantir o cumprimento de horarios e manter a disciplina e as boas formas.
- O profesorado acompañante notificará ó Equipo Directivo calquera incidencia que considere grave que se produza durante o desenvolvemento da actividade e que requira que a Dirección tome algunha medida unha vez finalizada a actividade.
- No caso de actividades de máis de dous días de duración, cando un comportamento dun alumno/a considerado como excepcionalmente grave fose comunicado á Dirección, esta poderá acordar a supresión definitiva da participación na viaxe do devandito/a alumno/a. A Dirección comunicará ás familias as medidas a tomar .

## **14.7 SELECCIÓN DO ALUMNADO E PROFESORADO**

- Como criterio xeral, as actividades irán dirixidas a grupos concretos e procurarase que nelas participe a totalidade do grupo.
- Nas actividades extraescolares, o número mínimo de participantes será establecido pola Vicedirección e os organizadores en cada caso particular.
- Nas actividades con límite de prazas que impida a participación da totalidade do alumnado farase segundo os criterios pedagóxicos, académicos e disciplinarios, ou sorteo, do mesmo xeito que para aquelas actividades con prazas sobrantes que se poidan cubrir con alumnado doutros grupos.
- Na selección do profesorado acompañante participará o departamento/profesorado organizador e o Equipo Directivo.